

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN SOBRE A ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA EN FERROL, APÓS A RETIRADA POLO MINISTERIO DE DEFENSA DE NOVE RÚAS FRANQUISTAS DO ARSENAL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción sobre a eliminación da simboloxía franquista en Ferrol, após a retirada polo Ministerio de Defensa de nove rúas franquistas do arsenal.

Exposición de motivos

Ferrol en Común, a iniciativa do colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura, presenta esta moción sobre a eliminación da simboloxía franquista en Ferrol, após a retirada polo ministerio de Defensa de nove rúas franquistas do Arsenal.

A Ministra de Defensa Margarita Robles asinaba a Resolución 421/04574/22 de 17 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Defensa de 18 de marzo, que retira o nome de nove rúas franquistas do Arsenal Militar de Ferrol: Almirante Fernández Martín, Almirante Vierna, González Llanos, Salvador Moreno, Marqués de Alborán, Soldado Lois, Crucero Baleares, Cándido Pérez, Almirante Honorio Cornejo.

A Resolución xustifica este cambio de rúas para “optimizar la eficiencia en la organización del Arsenal de Ferrol que permita una mejor identificación física de sus diferentes organismos, unidades y servicios”. Defensa toma esa decisión política após a iniciativa do colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura que denunciaba ante a

Fiscalía de Galicia ao Ministerio de Defensa por incumprimento da Lei de Memoria Histórica, xa que en Galiza permanecían 23 símbolos franquistas en instalacións que dependen de Defensa e 13 están en Ferrol. E tres días despois de que este colectivo presentase por rexistro unha proposta de moción o 14 de marzo para retirar as rúas franquistas do Arsenal.

Hai que valorar positivamente este cambio de actitude por parte do Ministerio de Defensa pero, lamentablemente, non se fala de eliminación de simboloxía franquista.

A citada Resolución sinala: “La Armada siempre ha recordado el valor y el mérito de sus hombres y mujeres de reconocido e indiscutido prestigio”. A Lei de Memoria Histórica pretendía “ recoñecer e ampliar dereitos e establecer medidas en favor de quen padece a persecución ou a violencia durante a guerra civil e a ditadura”. Por outra parte, Paloma Castro, portavoz de Memoria Histórica do Grupo Socialista, presentaba unha serie de iniciativas no Parlamento de Galicia e denunciaba o pasado 20 de marzo o “incumprimento” da lexislación sobre Memoria Histórica por parte da Xunta ao “manter simboloxía fascista en Galicia”. E acababa así: “Ademais dunha obriga legal, é unha obriga moral recoñecer a tantas persoas que sufriron a represión”.

Un grupo de militares demócratas publicaba o “*Manifiesto en contra do franquismo nas Forzas Armadas*”, como resposta a outro de exaltación do ditador Franco. Denunciaban o incumprimento da Lei de Memoria Histórica e propuñan cambiar o nome desas rúas do Arsenal por outras de persoas dignas, relacionadas coa Armada e o Arsenal ferrolán, que “loitaron e sufriron polos valores democráticos e cívicos”. Consideraban que as actuais placas constitúen unha “exaltación colectiva da sublevación militar e Guerra Civil”. Coa colaboración do historiador Bernardo Máiz as cincuenta persoas asinantes do manifesto realizaron unha selección de 15 candidatos para dar nome a esas rúas do Arsenal e, finalmente, fixeron unha proposta de dez: *Condestable Dionisio Mouriño; Contralmirante Antonio Azarola Gresillón, Xefe do Arsenal; Cabo de Artillaría Naval Ramiro Corredeguas; Luis Sánchez, tenente de Navío (“Cervera”); Sandalio Sánchez, capitán de Navío (“Cervera”); Condestable Vicente Peña, guerrilleiro antifranquista; Condestable Carlos Allegue; Benito Sacaluga, tenente coronel (xefe de máquinas do “Jaime I”); Luis Pérez, coronel médico da Armada; Antonio Sanjuán, capitán de Corveta.*

Tendo en conta o “valor y el mérito”, como sinala a Resolución, das persoas que foron asasinadas (máis de mil na comarca de Ferrolterra) cando defendían a democracia e loitaron contra o golpe de Estado e a sublevación militar e fascista do 18 de xullo de 1936, e como recoñecemento social e reparación pública, consideramos que as rúas alternativas para o Arsenal deberían ser as apoiadas por ese grupo de militares demócratas.

Aínda quedan en Ferrol outra simboloxía franquista, que depende de Defensa, como o escudo franquista na fachada do cuartel Sánchez Aguilera na avenida do Rei nº 65. Na igrexa castrense de San Francisco hai unha gran cruz dos “Caídos por Dios y por España”, utilizada pola Armada nalgunha conmemoración, e unha placa de homenaxe da Armada ao Cruceiro Baleares: “La Marina de Guerra a los gloriosos caídos del Baleares. Caídos por Dios y por España en el Crucero Baleares ¡¡Presentes!!”.

Esta Resolución de Defensa debería ter tamén repercusións inmediatas no concello de Ferrol, xa que González Llanos aínda conserva a distinción de Fillo Predilecto de Ferrol desde o 3 de xuño de 1968 e unha estatua no barrio de Esteiro (xa perdera a rúa en 1981 por acordo da corporación, hoxe *Circunvalación*). Salvador Moreno tamén é Fillo Predilecto desde o 2 de maio de 1949 (cambiaron a súa rúa en 1981, hoxe *Irmandiños*).

A ferrolá e deputada socialista María Paloma Rodríguez Vázquez, que nos deixou en 2021, presentaba unha Proposición non de Lei, debatida na Comisión Constitucional do Congreso de 17 de xuño de 2015, na que reclamaba a eliminación da rúa Salvador Moreno no Arsenal Militar porque liderou o golpe militar de 1936 en Ferrol, o mesmo que a rúa do seu irmán, Francisco Moreno, tamén participante no golpe de Estado. Pedía tamén esta deputada que se retirasen do Panteón de Mariños Ilustres de San Fernando (Cádiz) os restos mortais de Salvador Moreno Fernández (trasládronse alí na ditadura por Decreto 1433/1966 de 2 de xuño) e de Francisco Moreno Fernández.

E concluía esta deputada: “*El franquismo ha sido condenado en todas las instancias democráticas, y el compromiso del Partido Socialista es claro y rotundo en relación con una memoria colectiva que forma parte de nuestra realidad*”. Este discurso de Paloma Rodríguez ten hoxe plena actualidade para esta corporación municipal: “*No pueden traicionar, señorías, la legalidad y no pueden decepcionar a las personas, a tantas*

personas que lucharon y que luchan para la recuperación de la dignidad de las víctimas del franquismo y, consecuentemente, para la recuperación de la dignidad de este país”.

En coherencia coa decisión tomada polo Ministerio de Defensa de retirada das rúas franquistas do Arsenal, independentemente do traballo que está a desenvolver a Mesa de Memoria Histórica para acabar coa simboloxía franquista, sometemos a consideración do Pleno da corporación municipal os seguintes **Acordos**:

1. Trasladar ao Ministerio de Defensa a petición de que as rúas alternativas para o Arsenal sexan as apoiadas polos militares asinantes do *Manifiesto en contra do franquismo nas Fuerzas Armadas*.

2. Retirar a distinción de Fillo Predilecto de Ferrol a Salvador Moreno Fernández.

3. Retirar a distinción de Fillo Predilecto a José María González-Llanos y Caruncho, así como a estatua que ten na rotonda do barrio de Esteiro.

4. Retirar da igrexa castrense de San Francisco a placa de homenaxe da Armada ao Cruceiro Baleares.

5. Instar ao goberno municipal a que realice xestións co bispado de Mondoñedo-Ferrol para retirar da igrexa de San Francisco a cruz dos “Caídos por Dios y por España”, así como a placa nesa igrexa con referencia ao bautismo do “Generalísimo”.

6. Instar ao goberno municipal para que solicite ao Ministerio de Defensa que os restos de Salvador Moreno Fernández e Francisco Moreno Fernández sexan retirados do Panteón de Mariños Ilustres de San Fernando (Cádiz).

Ferrol, 28 de marzo de 2022

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común